

LINGUA E LITERATURA GALEGA 4ºESO

OBXECTIVOS

1. Comprender e interpretar textos propios da comunicación audiovisual, con especial atención aos de carácter argumentativo e publicitario.
2. Comprender e interpretar textos orais de distinta natureza, con especial atención aos de carácter expositivo e argumentativo do ámbito educativo.
3. escoitar e producir textos orais cunha actitude crítica cara aos prexuízos e aplicando os coñecementos gramaticais para unha mellor expresión.
4. Producir textos orais adecuados á situación e á intención comunicativa, utilizando as estratexias necesarias para falar en público, así como as TIC.
5. Participar activamente en debates propostos sobre temas de interese e valorar a lingua oral como instrumento de relación social.
6. Utilizar técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.
7. Comprender e interpretar textos propios da vida cotiá, relacionados co ámbito laboral, administrativo, comercial e educativo.
8. Comprender, interpretar e redactar (en papel ou en formato dixital) textos argumentativos, xornalísticos e publicitarios.
9. Ler de maneira reflexiva e crítica para identificar usos lingüísticos discriminatorios.
10. Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información complementaria.
11. Utilizar técnicas e estratexias para producir textos escritos adecuados, coherentes e cohesionados, e valorar a escritura como fonte de enriquecemento persoal.
12. Utilizar as TIC para mellorar a presentación dos escritos, difundir textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións.
13. Producir textos propios, en soporte impreso ou dixital, tanto da vida cotiá como de carácter xornalístico (cartas ao director ou columnas de opinión).
14. Utilizar un léxico amplo e adecuado, e identificar as relacións semánticas entre as palabras.
15. Recoñecer e utilizar correctamente as formas verbais e as perífrases verbais.
16. Recoñecer e usar a fonética do galego.
17. Aplicar correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas do galego, e utilizar manuais de consulta de maneira eficaz.
18. Identificar a oración como un tipo de enunciado e analizar as relacións sintácticas entre os elementos que constitúen o predicado.
19. Recoñecer en textos propios e alleos a estrutura dun texto, así como a súa adecuación e os conectores que permiten cohesionar ideas e parágrafos.
20. Identificar os trazos que definen diferentes tipoloxías textuais, especialmente os textos argumentativos.
21. Desenvolver unha competencia lingüística integrada, utilizando os coñecementos dunha lingua para mellorar no uso doutras e participando en proxectos onde se usen distintas linguas.
22. Valorar as linguas como sinal de identidade dos pobos, apreciar o plurilingüismo e coñecer o ámbito da lusofonía.

23. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia, coñecer o proceso de normalización e evitar os prexuízos.
24. Coñecer os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916 ata a actualidade.
25. Describir a situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.
26. Recoñecer e valorar as variedades da lingua, e identificar a estándar como variante unificadora.
27. Identificar os distintos períodos e xeracións da literatura galega desde 1916 ata a actualidade.
28. Ler de maneira comprensiva, expresiva ou dramatizada textos de distintos xéneros da literatura galega desde 1916 ata a actualidade.
29. Elaborar traballos individuais ou en grupo, coa axuda das TIC, relacionados coa literatura galega desde 1916 ata a actualidade.
30. (Re)crear textos con intención literaria a partir dos modelos traballados na clase.

CONTIDOS

Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar

Escoitar

- Comprensión e interpretación de textos propios dos medios de comunicación audiovisual, con especial atención aos xéneros de carácter argumentativo.
- Comprensión e análise de textos publicitarios dos medios de comunicación audiovisual.
- Comprensión e interpretación de textos orais expositivos e argumentativos do ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas).
- Comprensión, interpretación e valoración de textos orais de natureza diversa.
- Desenvolvemento de habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto.

Falar

- Participación nas producións orais cunha fonética e prosodia correcta, valoración desta pronuncia e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
- Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.
- Escoita crítica e reflexiva que permite identificar prexuízos e mensaxes discriminatorias.
- Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción de textos orais, de técnicas para aprender a falar en público e uso das TIC.
- Aplicación dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas.
- Participación activa e argumentada en debates nos que se expresen

- opinións acerca dun tema de actualidade.
- Participación en interaccións orais sobre temas de interese persoal ou social ou asuntos da vida cotiá, en diferentes rexistros.
 - Valoración da lingua oral como un instrumento de aprendizaxe e de relación social.

Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir

Ler

- Uso de técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.
- Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo e comercial.
- Comprensión e interpretación de textos relacionados co ámbito educativo, tanto manuais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en Internet.
- Comprensión e interpretación de textos argumentativos.
- Comprensión e interpretación de textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión.
- Comprensión e interpretación das mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación.
- Lectura crítica e reflexiva que permita identificar usos lingüísticos discriminatorios.
- Uso autónomo dos recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información complementaria.

Escribir

- Uso de técnicas e estratexias para producir textos escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión).
- Utilización das TIC para corrixir e mellorar a presentación dos escritos, para difundir os textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións.
- Producción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios da vida cotiá pertencentes ao ámbito laboral, administrativo e comercial.
- Producción, en soporte impreso ou dixital, de textos xornalísticos de opinión.
- Composición en soporte impreso ou dixital de textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.
- Valoración da escritura como un instrumento de aprendizaxe, de relación social e enriquecemento persoal.

Bloque 3. Funcionamento da lingua

- Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático.
- Recoñecemento e uso das formas verbais da lingua galega e das perífrases.

- Recoñecemento, explicación e uso dos procedementos de creación de palabras.
- A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias (apertura das vogais de grao medio, o *n* velar ou a entoación).
- Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestión de uso (semántico e sintáctico) e de normativa.
- Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
- Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica.
- As principais regras de combinación impostas polos predicados en función dos seus argumentos; estruturas sintácticas e tipos de oración segundo a natureza do predicado.
- Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os de causa e consecuencia, os de condición e hipótese e os conclusivos, e mais dos mecanismos de cohesión textual.
- Identificación da estrutura dun texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e progresión temáticas en textos alleos e propios, e elaboración de textos de acordo con estes parámetros.
- Identificación e explicación dos trazos que permiten diferenciar e clasificar os xéneros textuais, especialmente os argumentativos.
- Adecuación dos textos en función do contexto, do tema e do tipo de texto.
- Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.
- Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.

Bloque 4. Lingua e sociedade

- Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.
- O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- A lusofonía nas linguas do mundo no século XXI.
- Situación sociolingüística de Galicia. A presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados. Tendencias de evolución.
- Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecendo o xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso. Consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.
- Evolución da lingua galega e etapas da historia social da lingua galega desde 1916 ata a actualidade. Análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.
- Situación sociolingüística e legal das linguas de España.
- Prexuízos lingüísticos.

- Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar. Uso normalizado da variante dialectal propia da zona. Utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal.

Bloque 5. Educación literaria

- Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.
- Selección, lectura autónoma e comentario de obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade.
- Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.
- Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos literarios representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.
- Consulta de fontes de información variadas e de recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.
- Creación ou recreación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Identificar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, a tese e os argumentos de textos propios dos medios de comunicación audiovisual e do ámbito académico.
- Comprender textos escritos do ámbito público, dos medios de comunicación e da vida académica, identificando as ideas principais e secundarias, o propósito comunicativo implícito ou explícito, contrastando explicacións e argumentos.
- Realizar exposicións orais planificadas claras e áxiles de traballos e de informacións de actualidade diferenciando información, opinión e persuasión, e participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas (debates, traballos colaborativos...) respectando as regras que as rexen. Adoptar o rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación.
- Escribir textos propios da vida cotiá, das relacións sociais, dos medios de comunicación e do ámbito académico tendo como referencia os modelos propostos na aula e expresando con claridade as propias opinións razoadas. Planificar e revisar autónomamente ditos textos para asegurar a súa coherencia, cohesión, corrección e precisión léxica.
- Comentar, debater, temas de actualidade desenvolvendo o espírito crítico.
- Argumentar coherentemente os seus xuízos sobre temas diversos e respectar os xuízos contrarios aos propios.
- Consultar de maneira autónoma textos en diferentes soportes co fin de seleccionar información relevante, analizala criticamente, extraer conclusións fundamentadas e integralas nas propias producións, especialmente en

- traballos do ámbito académico adecuados ao nivel.
- Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar con autonomía os propios textos.
 - Recoñecer, a través da reflexión sobre os usos discursivos, os mecanismos da lingua e coñecer e usar a terminoloxía lingüística adecuada.
 - Identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega.
 - Extraer os trazos principais que definen a actual situación sociolingüística de Galicia, analizando criticamente os condicionamentos da valoración e uso social do galego.
 - Utilizar a lingua galega con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.
 - Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expor unha opinión argumentada sobre a lectura persoal dunha obra clásica da literatura contemporánea atendendo aos seus elementos estruturais e formais.
 - Utilizar os coñecementos literarios na comprensión de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente á relación co contexto, ás innovacións e á funcionalidade dos recursos retóricos.
 - Participar de maneira activa na creación de textos de intención estética tomando como modelo os lidos e comprendendo os recursos que se empregarán; explicar as relacións das obras co contexto histórico e literario en que aparecen e os autores máis relevantes, realizando un traballo de información e de síntese ou de resolución de problemas.

ESTÁNDARES MÍNIMOS EXIXIBLES

Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar

- É capaz de extraer o tema e argumentos nun debate, relatorio ou mesa redonda.
- Coñece os mecanismos lingüísticos que rexen as opinións a favor ou en contra.
- Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias en textos orais.
- Participa en debates respectando a quenda de intervencións, coida a dicción e respecta as opinións dos demais.
- Pronuncia correctamente os fonemas da lingua galega.
- Exprésase oralmente con coherencia, cohesión e corrección lingüística.
- É quen de observar mensaxes discriminatorias e rexéitaas argumentadamente.
- É capaz de autocorrixir os erros lingüísticos.
- Manexa distintos rexistros lingüísticos.

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir

- Realiza resumos, esquemas e mapas conceptuais.
- Deduce a información global nos textos.

- Incorpora o vocabulario novo nos seus escritos.
- Interpreta e produce textos administrativos.
- Comprende as noticias nos medios de comunicación.
- É capaz de facer a súa propia interpretación dun texto argumentativo.
- Comprende e interpreta as mensaxes publicitarias e emite o seu xuízo sobre elas.
- É quen de observar mensaxes discriminatorias e rexéitaas argumentadamente.
- Busca e selecciona información na biblioteca e en internet.
- Redacta con planificación, utiliza o rexistro lingüístico adecuado ao que está dicindo, segue as normas ortográficas e morfolóxicas e revisa os textos.
- Coñece e utiliza as TICs para a organización da actividade académica.
- Sabe redactar textos de tipo administrativo, comercial e laboral.
- Escribe un texto argumentativo.
- Valora a importancia da escritura para organizar o pensamento e para comunicarse cos demais, e de fonte de enriquecemento persoal.

Bloque 3. *Funcionamento da lingua*

- Utiliza o léxico e a fraseoloxía aprendida, en textos orais e escritos.
- Usa correctamente, en textos orais e escritos, as formas verbais e as perifrásticas da nosa lingua.
- Coñece a existencia de sete fonemas vocálicos, pronúnciaos correctamente, igual có /n/ velar.
- Distingue significados polo timbre vocálico aberto/pechado.
- Utiliza o dicionario e outras fontes de consulta para aprender autonomamente.
- Coñece e utiliza as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega, oralmente e por escrito.
- Revisa os textos para puntualos correctamente.
- Recoñece e explica as funcións sintácticas oracionais.
- Redacta textos ben cohesionados utilizando os nexos de causa, consecuencia, condición, hipótese e os conclusivos, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.
- Elabora textos cuns contidos ordenados xerarquicamente.
- Coñece as características lingüísticas da argumentación e redacta textos argumentativos.
- É quen de elaborar textos tendo en conta o contexto, o tema e o xénero textual.
- Recoñece a complementación entre as linguas.

Bloque 4. *Lingua e sociedade*

- Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- Coñece as linguas que forman parte da nosa familia lingüística.
- Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e a importancia desta na vida social e económica galega.
- Utiliza a terminoloxía lingüística nas súas reflexións sobre cuestións de sociolingüística.
- Coñece os feitos máis sobranceiros de sociolingüística no período 1916-actualidade.
- Coñece a situación sociolingüística e legal das linguas de España.
- É quen de observar prexuízos cara ás linguas e rebatelos dunha forma razoada.

- Coñece as variedades diatópicas da lingua e coñece e utiliza a variedade estándar nos seus escritos.

Bloque 5. *Educación literaria*

- Comprende e explica razoadamente as distintas épocas e períodos da literatura galega desde 1916 ata a actualidade e sinala os seus principais trazos característicos.
- Comenta textos da literatura galega desde 1916, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.
- Realiza traballos de descrición e análise, individuais ou grupais, de textos da etapa literaria que se estuda.
- Crea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación dos alumnos pretende reflectir unha valoración do grao de consecución dos obxectivos estipulados por lei que se concretan nos contidos e estándares de aprendizaxe, e máis no grao de adquisición das competencias clave.

- Polas probas escritas e/ou orais realizadas ao longo do trimestre poderán obter un máximo de 7 puntos (70%). É imprescindible acadar 3.5 puntos sobre dez en cada proba para sumar os demais e poder aprobar a avaliación (farase media entre elas). Os contidos ortográficos, léxicos e gramaticais teñen carácter de continuidade, polo que será materia de avaliación constante ao longo do curso.

Queremos facer constar que a asistencia ás probas escritas e orais é obrigatoria. O alumno que non asista entregará ao profesor un xustificante de asistencia ao médico na menor brevidade posible. A xustificación será aceptada se se trata dunha cita hospitalaria ou dunha enfermidade leve. No caso de revisións non necesarias en horario escolar, ou de entrega dun simple xustificante do pai/nai ou titor legal, o profesor decidirá se realizarlle outro día a proba ou non, acolléndose a que só é obrigatoria unha proba por avaliación.

- A avaliación da oralidade realizarase mediante a observación por parte da profesora e/ou mediante unha proba oral. Esta parte constituirá un 10% da nota de cada trimestre, polo que aqueles alumnos que non usen o galego ou non se desenvolvan correctamente na lingua galega poderáselles baixar a nota global de avaliación: 1 punto.

- As lecturas de cada trimestre e as actividades relacionadas con elas achegaranlle á nota un máximo de 1 punto.

- O 10% restante para acadar o 10 será polo traballo na aula e na casa e pola participación axeitada e oportuna no desenvolvemento das clases.

Puntualizacións importantes:

- Cada negativo que reciba o alumno baixará 0,25 na nota da avaliación ata un máximo de 1 punto. Para recuperar o negativo serán necesarios dous positivos. O profesor daralle a oportunidade de conseguir positivos para que poidan restar os negativos.
- Copiar traballos ou exames implica unha nota de 0 nese traballo ou exame.
- Na corrección de exames, redaccións e traballos puntuables, por cada erro de ortografía e expresión baixarase 0,05 por faltas leves e 0,10 por faltas graves. Poderase baixar ata un máximo de 1,5 puntos.
- Os traballos ou exames ilexibles deberán ser modificados. Para poder corrixir isto o profesor reforzará a caligrafía do alumno durante o curso; se ao final non hai unha evolución positiva este poderá suspender a materia.
- A realización de lecturas optativas poderá subir a nota do trimestre ata 1 punto (0,5 por cada obra lida) a aqueles alumnos-as que teñan un mínimo de 5 na avaliación. Para demostrar a lectura destas obras, pactadas previamente co profesor, farase unha proba oral e, se fose necesario, un traballo escrito a maiores.
- **NOTA:** A profesora do curso e grupo correspondente poderá modificar e adaptar estes criterios segundo sexan as características do grupo e /ou dalgún alumno en particular. Comunicarallo ao grupo con suficiente antelación.

IMPORTANTE: Os-as alumnos-as que teñan algún trimestre anterior suspenso poderán recuperalo mediante unha proba que só se realizará unha vez; será nunha data consensuada por todos (no caso de imposibilidade de acordo, decidirá a profesora) . De non superala deberá examinarse de toda a materia en setembro, igual có alumnado que teña dúas ou máis avaliacións suspensas.

PARA OS CATRO CURSOS DA ESO: insistimos en que a cualificación de 5 é o aprobado. Tamén que o “redondeo” nunha cualificación que corresponda co aprobado decidirá a o-a profesor-a cando os decimais da cualificación sexan iguais ou superiores a 0,7.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A lei sinala que “a avaliación terá que ser coherente coa diversidade de contidos traballados e, daquela, ter en conta os contidos abordados nos cinco bloques en que se estrutura este currículo. Do mesmo xeito, deberá ser unha avaliación competencial, que teña en conta a relación que se establece no currículo entre os estándares de aprendizaxe detallados en cada bloque, coas competencias clave”. A avaliación da nosa materia terá en conta esta e todas as demais directrices desta orde, polo que adoptaremos como puntos de partida básicos para a avaliación os seguintes:

- A avaliación será **continua** e **formativa**. Continua non quere dicir en ningún caso que terá en conta só os resultados finais, senón que, tendo en conta a situación de partida de cadaquén, valoraranse continuamente todos os aspectos do proceso de ensino-aprendizaxe. Cando o progreso dun alumno non sexa o adecuado estableceranse medidas dirixidas a garantir a adquisición das

competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

-A avaliación será **integradora**, terase en conta desde todas as materias para a consecución das competencias clave. A avaliación integradora, entendida xa dende a nosa materia, será a suma resultante de contidos, atención e traballo na casa e na aula. Concederáselle un interese especial á avaliación das actitudes en canto ás disposicións psicosociais dos escolares sobre o idioma (actitudes afectivo-positivas ou afectivo-negativas, prexuízos...); para esta cuestión debemos partir da realidade sociolingüística do noso contorno escolar.

- Favoreceremos os procesos de auto e coavaliación.

Partiremos da realización dunha **avaliación inicial** antes de principiar cada unidade do libro do alumno: o profesor expoñerá ao alumnado que contidos e que estándares avaliábelos se van desenvolver e os alumnos relatarán os que xa saben. A partir da información recollida, o profesor seleccionará aqueles contidos e estándares máis axeitados ás realidades dos escolares e planificará as actividades que lles permitan progresar desde a situación de partida.

Os usos dos distintos **instrumentos de avaliación** estarán moi ligados aos estándares de aprendizaxe que esteamos avaliando; deste xeito, para a avaliación de cada alumno utilizaremos os seguintes instrumentos:

- Ao longo de cada trimestre, realizaranse unha ou dúas probas escritas que incluírán contidos de lingua e literatura, combinados na mesma proba ou por separado. Obrigatoria será unha, pero poden realizarse máis de dúas se o profesor-a considera que é necesario pola cantidade de contidos para examinar.
- Para valorar a competencia oral, utilizarase a observación na aula de intervencións orais; ademais poderase encomendar a realización de pequenas exposicións orais sobre distintos temas relacionados coa materia.
- Cada trimestre avaliaranse as lecturas encomendadas mediante unha ficha de lectura, un exame ou unha proba que estime o profesor-a, que os alumnos deberán entregar nunha data concreta ou mediante unha proba oral ou escrita.
- Periodicamente recolleráselle ao alumnado textos escritos de creación propia e de distinto tipo: narracións, poemas, exposicións, argumentacións, pequenas pezas teatrais....Estes textos deberán ser entregados nos prazos fixados, podendo chegar a acadar unha cualificación negativa de non seren respectados os prazos. Seranlles devoltos coa cualificación que se lle outorga e coas observacións para que as revisen se fose necesario.
- Finalmente, teremos en conta aspectos como o traballo na casa e na aula e o traballo en grupo. O profesor-a botará man da observación sistemática e do rexistro continuo de datos no seu caderno.